

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 009 - Debuxo
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [11/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente.

Avaliarase a aptitude pedagóxica dos opositores e opositoras e o seu dominio técnico do exercicio docente.

Avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita.

As probas poderán realizarse en galego ou castelá.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PROBA

A Parte A da primeira proba contén dous exercicios:

1. Sistemas de representación gráfica: consistente na resolución de 2 problemas de sistemas de representación a escoller entre dúas opcións propostas. Cualificarase de 0 a 10 puntos. A este exercicio correspóndelle o 50% da puntuación da proba.

2. Composición plana de expresión plástica ou cor a escoller entre dúas opcións propostas. Cualificarase de 0 a 10 puntos. A este exercicio correspóndelle o 50% da puntuación da proba.

Na Parte B da primeira proba avaliarase a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios dun tema escollido pola persoa aspirante de entre cinco sorteados do temario.

-

É imprescindible acadar o 25% da puntuación máxima de cada unha destas partes para superar a primeira proba. A nota desta primeira proba será conxunta, sendo necesario acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 60% para o Parte A e 40% para a Parte B.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PARTE A

Sistemas de representación gráfica:

- Correcta formulación e interpretación axeitada do exercicio.
- Dominio das habilidades técnicas e teóricas correspondentes á especialidade.

- Corrección da resposta obtida, uso correcto da nomenclatura, precisión no trazado, axeitada utilización dos instrumentos de debuxo, presentación e limpeza do exercicio.
- Resposta axustada aos enunciados e ao tempo establecido para a realización da proba.

Composición plana de expresión plástica ou cor:

- Correcta formulación e interpretación axeitada do exercicio.
- Dominio das habilidades técnicas e teóricas correspondentes á especialidade.
- Capacidade creativa, de iniciativa e innovación.
- Capacidade expresiva e comunicativa.
- Capacidade instrumental.
- Claridade e precisión da proposta.
- Dominio da linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.
- Adecuación ao tema.
- Análise e comprensión da forma e o espazo compositivo.
- Limpeza e corrección na elaboración e presentación do traballo.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA

- Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes.
- Na programación avaliarase a pertinencia da contextualización e concreción de obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía, temporalización, materiais e recursos a utilizar, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, así como a atención ao alumnado con NEAE. Avaliarase asemade a proposta de avaliación da propia programación. Tamén poderá avaliarse a relación da programación con outros documentos do centro.
- Na unidade didáctica avaliarase a pertinencia de obxectivos de aprendizaxe, contidos, actividades de ensinanza-aprendizaxe, procedementos de avaliación e cualificación e propostas de atención á diversidade.
- A cualificación desta segunda proba será conxunta, sendo preciso acadar como mínimo unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, ponderándose nun 40% a programación e nun 60% a unidade didáctica.
- Avaliarase a calidade expositiva e a expresión oral.